

8/370 PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa do Servizo de Facenda Local do 15 setembro de 2025, conformado pola tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto o Decreto núm. 7876/2025, do 12 de agosto de 2025, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o informe proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, asinada pola xefa do Servizo de Facenda Local o 04/09/2025 co conforme do Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez, en suplencia do Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude do 05/09/2025.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica do 10/09/2025.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica do 10/09/2025.

Visto o proxecto de modificación da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles da Ilma. Sra. dona Ana González Abelleira, tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do Ilmo. Sr. don Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, do 10/9/2025.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo do 11/09/2025.

Visto o informe xurídico do vicesecretario accidental do Concello de Lugo do 12/09/2025.

Visto o informe da xefa de servizo de Fiscalización Previa e Función Interventora mais o interventor xeral municipal do 15/09/2025.2

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

1) Modifícase o apartado 2 do artigo 3, que queda redactado como segue:

“2. División de cotas por cotitularidade.

Os recibos e liquidacións tributarias emitiranse a nome de quen apareza como primeiro titular do dereito constitutivo do feito imponible no Padrón remitido pola Dirección Xeral do Catastro. Sen embargo, cando un inmovible pertenza a dous ou máis titulares, calquera deles poderá pedir a división da cota tributaria sempre que previamente se incorporase a relación de cotitulares á Dirección Xeral do Catastro. A división terá lugar no padrón inmediatamente posterior a aquel no que se solicite a división e se manterá nos sucesivos mentras non se solicite a modificación.”

2) Modifícase o apartado 1 do artigo 4, que queda redactado como segue:

1) Ademais das exencións previstas no texto vixente do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécese a exención dos inmoables rústicos cando a cota líquida agrupada correspondente a cada suxeito pasivo sexa inferior a 3,60 €. Igual exención establécese para os bens inmoables de natureza urbana nos que a súa cota líquida , antes da posible división da cota, sexa inferior a 3,90 €.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Elevarlle ao Excmo. Concello Pleno o devandito proxecto aprobado para a súa aprobación inicial.